

Aportacións corolóxicas ao proxecto *Flora iberica*, I

Xose Ramón García Martínez⁽¹⁾

⁽¹⁾ Sabarís, Baiona, Pontevedra, España.

(Recibido el 20 de febrero de 2011, aceptado el 16 de diciembre de 2011)

Resumen: Se presenta una lista de pliegos aportados como testigos de aportaciones corológicas -de provincias gallegas o limítrofes- para el proyecto *Flora iberica*.

Palabras clave: Flora vascular, corología, Galicia, España, proyecto *Flora iberica*.

Abstract: This paper includes some herbarium sheets as chorological records from Galicia and neighbouring provinces for the *Flora iberica* project.

Keywords: Vascular flora, chorology, Galicia, Spain, *Flora iberica* project.

INTRODUCCIÓN

En 1986 saíu o primeiro volume da obra *Flora iberica* que culminou as decisións previas tomadas no trienio 1982-1984 por un grupo de investigadores do Real Jardín Botánico de Madrid e do Instituto Pirenaico de Jaca. A obra ten como finalidade esencial facilitar a identificación das plantas vasculares tanto autóctonas como naturalizadas na Península Ibérica e Illas Baleares.

Desde o primeiro momento, decidiuse incluír de xeito esquemático as distribucións dos diferentes taxóns tratados no territorio do estudo e particularmente a súa presenza nas provincias ibéricas. Para levar adiante a tarefa, establecéronse unha serie de herbarios como herbarios básicos de consulta para os diferentes revisores dos xéneros. Así, utilízanse principalmente como herbarios de referencia, BC (Instituto Botánico de Barcelona), BCN (Herbario da Universidade de Barcelona, incluíndo BVV e BCF), COI (Instituto Botánico da Universidade de Coimbra), G (Conservatoire et Jardin Botaniques de la Ville de Genève), GDA-GDAC (Herbario da Universidade de Granada), JACA (Instituto Pirenaico de Ecoloxía), MA (Real Jardín Botánico de Madrid), MAF (Herbario da Facultade de Farmacia da Universidade Complutense de Madrid), MGC (Facultade de Ciencias da Universidade de Málaga), SALA (Herbario da Universidade de Salamanca), SEV (Herbario da Universidade de Sevilla) e VAL (Herbario da Universidade de Valencia, incluíndo VAB e VF).

Porén, resulta doado admitir que restrinxir as consultas aos citados herbarios, pode deixar fora achádegos salientables ou mesmo correntes no eido botánico. Non só poden quedar sen consultar numerosos herbarios públicos senón moitos privados que atesouran información privilexiada polo seu ámbito local ou a súa especialización.

Neste sentido, levamos tempo colaborando cos diferentes revisores dos xéneros na serie *Flora iberica*, ao fin de achegarlles testemuñas que axuden a completar a distribución provincial dos correspondentes taxóns na Península Ibérica.

A lista que agora presentamos refírese a algúns pregos enviados no seu día aos revisores para a súa comprobación e posterior inclusión da sigla provincial, ou simple eliminación de paréntese.

MATERIAL E MÉTODOS

De cada prego indícanse os datos da etiqueta: provincia, concello, lugar, xeorreferencia en coordenadas UTM 1 x 1 km, altitude, hábitat, legatarios e o número do prego no herbario LOU ou XRGM (Herbario García Martínez).

RESULTADOS

Allium guttatum subsp. *sardoum* (Moris) Stearn
- España: Pontevedra: Agolada, Brocos, 29TNH7243, 250 m, beiras da estrada. X.R. García Martínez, K.H. Re-chinger & E. Valdés-Bermejo, 15-VII-1988, XRGM 3439. Xa existe cita bibliográfica desta mesma recolección (GÓMEZ VIGIDE & AL., 1989: 113), que esquece ROMERO (2008: 89).

Allium schoenoprasum L.
- España: Lugo, Cervantes, supra Piornedo, montes Acebais, 29TPH7446, 1270 m, *Silva Pando* 27/7. LOU 11599. Existe cita provincial anterior desta mesma recolección (SILVA PANDO, 1994: 276) axeitadamente recollida en ROMERO BUJÁN (2008: 89) que xustifica a sigla Lu.

Allium ursinum L. subsp. *ursinum*
- España: Ourense, Laza, Cima da Vila, junto al río Tamega, 29TPG2559, 380 m, 20-III-1982, em prados húmedos bajo *Alnus glutinosa*, *Silva Pando* 150 & col. LOU 4430. SILVA PANDO *et al.*, (1987: 56) publicaron a cita que agora reiteramos, e que supuxera no seu día novidade provincial.

Allium victorialis L.
- España: Pontevedra: Forcarei, Magaláns de Abaixo, serra de O Candán, baixo Pico S. Bieito, 29TNH5918, 813 m, aciveira en regato sobre xistos. X.R. García Martínez, 06-VI-2007, XRGM 8111. Citado por vez primeira para Pontevedra de lugar próximo (RIGUEIRO RODRÍGUEZ & SILVA-PANDO (1984: 391).

Anchusa azurea Mill.
- España: Ourense: Rubiá, supra Covas, á dereita do tunel que cruza á León, 29TPH7705. X.R. García Martínez, U. García Aldao, F. Pérez C., V. Rdez Gracia, F.J. Silva Pando & E. Valdés B., 02-V-1987, XRGM 2429.

⁽¹⁾ Autor para correspondencia: xrgarcia@edu.xunta.es

- España: Ourense: Viana do Bolo, entre Seoane e Oumoso ("Humoso"), sobre rego da Sapeira, 29TPG5867, 800 m, canteira de calias. *X.R. García Martínez, V. Rodríguez Gracia & F.J. Silva-Pando*, 02-V-1992, XRGM 5166.

Novidade provincial desta boraxínea que só consta como citada de A Coruña por MERINO (1906: 153). En VALDÉS [2011] non vemos recollida a provincia de Ourense na secuencia provincial.

Blackstonia imperfoliata (L. fil.) Samp.

- España: Pontevedra: Sanxenxo, Montalvo, 29TNG1096, 15 m, tras da lagoa artificial. *X.R. García Martínez*, 21-VII-1984, XRGM 420.

As únicas citas para a provincia que coñecemos son antigas, PLANELLAS (1852: 32 sub *Chlora sesilifolia* Desv., posteriormente confirmado por PAU (1924: 54)) e MERINO (1906: 15), que menciona esta precisa localidade.

Borago officinalis L.

- España: Pontevedra, Baiona, baixo Monterreal, 29TNG1264, 10 m, herbazais en cantil mariño, 02-V-2004, *X.R. García Martínez*, XRGM 7597.

Xa coñecida para a provincia desde MERINO (1906)

Calystegia silvatica (Kit.) Griseb. subsp. *disjuncta* Brummitt

- España: Pontevedra : Baiona, Sabarís, paseo pola Foz do Miñor, 29TNG1562, 5 m. *X.R. García Martínez*, 24-VII-2008, XRGM 8383.

- España: Pontevedra: Vigo, prope IES do Castro, 29TNG2376, cubrindo muros en xardíns. *X.R. García Martínez*, 12-IX-2005 XRGM 7896.

Primeiramente citada desta provincia por LAÍNZ (1974: 15), a nivel específico. Para o seu estatus subespecífico, ver tamén PINO PÉREZ *et al.*, (2011: 70) .

Calystegia soldanella (L.) Roem. & Schult.

- España: Pontevedra, Nigrán, Praia América, 29TNG1564, *Crucianellion*, 15-V-1993, *X.R. García Martínez*, XRGM 5432; Vigo, illas Cíes, illa de Monte Faro, praia dos Alemans, 29TNG0875, 5 m, dunas e trasdunas, 08-VI-1986, *X.R. García Martínez*, XRGM 2046.

Coñecida para a provincia xa desde LANGE (1861).

Echium lusitanicum L.

-España: Pontevedra A Caniza, baixando Fontefría, 29TNG5872, 600 m, *X.R. García Martínez*, 22-V-1988, XRGM 3176.

Citado primeiramente para a provincia por LAÍNZ (1966: 315), baixo *E. broteri* Samp.

Echium vulgare L.

-España: Pontevedra: Vigo, monte de O Castro, 29TNG2578, 80 m, *U. García Aldao* 29, 16/03/1996, XRGM s/n.

Existen recoleccións para a provincia polo menos desde CASTROVIEJO (1972: 89). Ver tamén SILVA PANDO *et al.*, (2011: 71).

Erinus alpinus L.

- España: A Coruña, Cariño, arredores Pico Limo, 29TNJ8844, 450 m, peridotitas serpentinizadas, 30-III-1989, *X.R. García Martínez, A. Prunell & E. Valdés-Bermejo*, XRGM 3688; Cariño, sobre Lodeiro, 29TNJ8844, 350 m, serpentinas. *X.R. García Martínez & A. Aldao Nuñez*, XRGM 3964; Cedeira, entre Vixía Herbeira e Teixidelo, 29TNJ8441, 500 m, acantilado sobre peridotitas, 05-

VIII-1988, *X.R. García Martínez & L. Perez González*, XRGM 3604.

As primeiras citas provinciais, como fisurícola sobre ultrabásicas, son de ORTIZ & RODRÍGUEZ-OUBIÑA (1987: 101)

Erythronium dens-canis L.

-España: Pontevedra: Agolada, entre Galegos e Basadre, 29TNH8144, 340 m, breixo sobre serpentinas. *X.R. García Martínez & A. Prunell Tuduri*, 28/03/1990, XRGM 4289a.

Coñecida para este provincia desde LAÍNZ (1968: 34), posible fonte para RICO [2011] .

Exaculum pusillum (Lam.) Caruel

-España: Pontevedra: Agolada, Agra, 29TNH7444, 250 m, bases húmidas da canteira. *X.R. García Martínez*, 09-VII-1997, XRGM 6849.

Se esquecemos a BUCH (1951: 68) todas as citas de Pontevedra son moi antigas (PLANELLAS, 1852: 301; LANGE, 1861: 164 ou MERINO, 1906: 17). Posiblemente esta última obra xustifique os parénteses do borrador de F. iberica (DÍAZ LIFANTE, 2011)

Geranium purpureum Vill.

-España: Pontevedra: Baiona, Sabarís, 29TNG1562, 30 m, beiras de camiños. *X.R. García Martínez*, 31-V-2004, XRGM 7633.

Aínda sendo especie abundosa só coñecemos as citas concretas de MERINO (1897), MERINO (1913) -baixo diversas variedades de *G. Robertianum*-, e AMIGO VÁZQUEZ & ROMERO BUJÁN (1997: 156) en inventarios pontevedreses de *Cheledonio maji-Smyrniotum olusatri*. En PINO PÉREZ *et al.*, (2011: 70) xa se da conta deste prego, xunto con outros das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense.

Geranium sanguineum L.

- Portugal: Trás-Os-Montes, Bragança, monte São Bartolomeu, serpentinas, 25-VI-1988, *X.R. García Martínez, R. Medina, F.J. Silva-Pando & Valdés-Bermejo*, XRGM 3358.

Vemos en AEDO [2011] que falta a indicación provincial para Trás-Os-Montes de esta xeraniácea da que destacamos a presenza en solos ultrabásicos.

Heliotropium europaeum L.

- España: Pontevedra, Baiona, Santa Marta, 29TNG1362, 5 m, beiras de camiños, 31-VIII-1995, *X.R. García Martínez*, XRGM 6488.

A primeira cita provincial que coñecemos e a de RODRÍGUEZ GRACIA (1986: 20), in sched. de *Galinsoga parviflora*. A nosa figurou en SILVA PANDO *et al.*, (2000: 26).

Juncus inflexus L.

- España: Pontevedra, Vigo, prope O Castro, 29TNG2568, terreo a ermo en finca particular, 05-IX-1985, *X.R. García Martínez*, XRGM 1871.

En SILVA-PANDO *et al.* (1987: 56) xa se incluía unha referencia próxima á nosa como novidade provincial.

En LOU, atopamos un prego de Merino (LOU 1619!) de As Eiras (O Rosal, Pontevedra).

Juncus pygmaeus Rich.

-España: Pontevedra: Baiona, Sabarís, subida de A Granxa á Groba, 29TNG1557, 500-600 m, granitos. *X.R. García Martínez & A. Guitian*, 31-V-2004, XRGM 7636.

Xa coñecida para Pontevedra desde MERINO (1909: 52).

Juncus squarrosus L.

- España: A Coruña, Santa Comba, baixo Fonte Barreña,

29TNH2370, 400 m, brañas sobre gabros, 03-VII-1990, X.R. *García Martínez, R. Medina & E. Valdés-Bermejo*, XRGM 4605.

Xa incluída en MERINO (1909: 56)

Juncus tenageia L. fil.

-España: A Coruña: Melide, entre Furelos e Leboreiro, 29TNH8349, 470 m, prados húmidos sobre serpentinas. X.R. *García Martínez, R. Medina & E. Valdés-Bermejo*, 21/06/1990, XRGM 4574.

Xa coñecida para Pontevedra desde LANGE (1861) e MERINO (1909: 52).

Juncus tenuis Willd.

-España: Pontevedra: Redondela, entre cume de Vixiador e Chan de Tocino, 29TNG2878, 320 m, brezal aclarado. X.R. *García Martínez & J. González Domínguez*, 08-IX-2003, XRGM 7515.

ROMERO ZARCO (2010: 171) recolle a sigla provincial Po entre paréntese. Porén, xa LAÍNZ (1968: 34) a mencionaba de Vigo e SILVA-PANDO *et al.*, (1987: 57) de Lourizán, ambas localidades da provincia de Pontevedra.

Luzula congesta (Thuill.) Lej.

-España: Pontevedra: Baiona, baixo Monterreal, 29TNG1264, 10 m, herbazais en cantil mariño. X.R. *García Martínez*, 02-V-2004, XRGM 7604. Det.: *S. Talavera*, 2010. Denunciada como novidade provincial con base neste prego (PINO PÉREZ, 2011: 76), xa incluída en FERNÁNDEZ & TALAVERA (2010: 193),

Mentha aquatica L.

- España: Pontevedra, O Grove, A Lanzada, 29TNH1000, 0-5 m, depresións na trasduna. X.R. *García Martínez*, XRGM 7882; Tui, Caldelas de Tui, 29TNG3656, 15 m, areas e pedregais á beiras do Miño, 05-VIII-1997, X.R. *García Martínez & A. Aldao*, XRGM 6861.

Mentha longifolia (L.) Hudson

- España: Lugo, Ferrería Seoane de Courel, 7-VIII-1980, X.R. *García Martínez*, XRGM 2707.

Existían citas bibliográficas anteriores, como MERINO (1906: 182) ou AMIGO & JIMÉNEZ, 1990.

Nymphoides peltata (S.G. Gmel.) Kuntze

- España: Pontevedra, Salceda de Caldelas, balneario, 29TNG3656, 15 m, lagunazo de auga salobre, 20-VIII-1996, X.R. *García Martínez & A. Aldao*, XRGM 6588.

O noso prego testemuña corresponde á exacta localidade de MERINO (1906: 10)

Oxalis acetosella L.

- España: Pontevedra: Bueu, Monte Ermelo, 29TNG2083, carballeira húmida, *A. Aldao & X.R. García Martínez*, 12/04/1986, XRGM 1956.

Prego recollido en SILVA PANDO *et al.*, (1987: 34) que xunto con a cita de CAMAÑO *et al.*, (2009: 35) non moi lonxe da nosa, constitúen as únicas referencias para a provincia. No borrador de *Flora iberica*, SÁNCHEZ PEDRAJA [2011] inclúe a sigla 'Po' en base ao noso prego

Romulea bulbocodium (L.) Sebast. & Mauri

--España: Pontevedra: Silleda, Pazos, piñeirral preto da canteira, 29TNH5833, 340 m, serpentinas. X.R. *García Martínez*, 07/03/1994, XRGM 5920.

Denunciada xa para a provincia desde Merino (1909: 131), o noso prego supuxo a inclusión en CARDIEL [2011].

Salpichroa origanifolia (Lam) Baillou

-España: Pontevedra: O Rosal, *J. González Domínguez*, 05-V-1993 XRGM s/n.

Ver o dito en SILVA PANDO *et al.*, (2011: 8)

Solanum dulcamara L.

- España: A Coruña, Santiso, Barazón, sobre muíños no río Ulla, 29TNH8144, 320 m, serpentinitas, 22-VIII-1996, X.R. *García Martínez*, XRGM 6625.

Como tantas anteriores, xa contemplada en MERINO (1906: 135)

Solanum nigrum L.

- España: A Coruña, Ortigueira, Mazorgán, infra Pena Castelo, 29TNJ9742, 50 m, brezal de *Ulex gallii/Ulex europaeus*, 05-VIII-1988, X.R. *García Martínez & L. Perez González*, XRGM 3555.

Coñecida xa da provincia desde WILLKOMM & LANGE (1870).

Scutellaria galericulata L.

- España: Pontevedra, Tui, Salceda de Caselas, 29TNG3656, 15 m, areas e pedregais a beiras do Miño, 09-VII-1996, X.R. *García Martínez & J. González Domínguez*, XRGM 6553.

Para a provincia atopamos algunhas referencias antigas [MERINO, 1897; MERINO, 1906: 215; BUCH, 1951: 66; LAÍNZ, 1955: 132; BELLOT RODRÍGUEZ (1965)]. VILLAR (2010: 177) só inclúe Po na secuencia provincial.

Teucrium capitatum L.

- España: Ourense, Rubiá, supra Covas, segundo tunel á León, 29TPH7706, 600 m, calías ordovícicas, 02-V-1987, X.R. *García Martínez, U. García Aldao, F. Pérez Caramés, V. Rdez Gracia, F.J. Silva-Pando & E. Valdés Bermejo*, XRGM 2449

Especie restrinxida ao concello de Rubiá (Ourense), onde foi citada por GÓMEZ VIGIDE (1985: 373), IZCO *et al.*, (1985: 137), NAVARRO (1995) e GIMÉNEZ & AMIGO (1996: 141).

Thymus longicaulis C. Presl

-España: Lugo: Palas de Rei, Ramil, 29TNH8344, 320 m, litosol sobre serpentinas con orientación S., *U. García Aldao & X.R. García Martínez*, 13/06/1991, XRGM 4897.

-España: Pontevedra: Agolada, entre Galegos e Basadre, 29TNH8144, 340 m, serpentinas. *U. García Aldao & X.R. García Martínez*, 13/06/1991, XRGM 4871.

Pregos que foron base para as siglas provinciais en MORALES (2010: 403).

Thymus zygis L.

- España: Ourense, Rubiá, supra Covas, segundo tunel á León, 29TPH7706, 600 m, calías ordovícicas, 02-V-1987, X.R. *García Martínez, U. García Aldao, F. Pérez Caramés, V. Rodríguez Gracia, F.J. Silva-Pando & E. Valdés Bermejo*, XRGM 2446.

Existen citas da zona desde DUPONT & DUPONT (1959: 270).

Tradescantia fluminensis Vell.

- España: Pontevedra: Baiona, Sabarís, 29TNG1461, 15 m, beiras de camiños con orientación N. X.R. *García Martínez*, 19/01/2010, XRGM 8665.

Citado por vez primeira para Pontevedra por BELLOT (1951: 387), sen que ao parecer existan pregos nos herbarios máis habituais.

Veronica agrestis L.

-España: Pontevedra: Vigo, fortaleza do Castro, 29TNG2578, 140 m, repisas en muros vellos cementados. *X.R. García Martínez*, 21/03/1994, XRGM 5944.
Ben coñecida da provincia de Pontevedra desde MERINO (1906: 100)

Vincetoxicum nigrum (L.) Moench

- España: Lugo, Quiroga, Montefurado, 29TPG4796, 300 m, pedreiras e sedimentos á beiras do río Sil, 16-V-2009, *X.R. García Martínez & J. González Domínguez*, XRGM 8480.
- España: Pontevedra, Tui, Caldelas de Tui, 29TNG3556, 10-15 m, salgueirais e fincas de cultivo abandonadas a beiras do Miño, 05-VI-2006, *X.R. García Martínez & J. González Domínguez*, XRGM 7973.
A súa presenza na provincia de Pontevedra xa fora advertida por WILLKOMM & LANGE (1870: 669) e logo por MERINO (1906: 6) pero as citas posteriores son escasas.

BIBLIOGRAFÍA

- AEDO PÉREZ, C. [2011]: *Geranium* L. Borrador de Flora iberica.
- AMIGO & JIMENEZ DE AZCÁRATE, 1990. Apuntes sobre la flora gallega, X. *Bol. Soc. Brot.*, 2ª ser., 63: 115-120.
- AMIGO VÁZQUEZ, J. & ROMERO BUJÁN, M.I. (1997). Comportamiento fitosociológico de *Smyrniolum olusatrum* L. en el noroeste ibérico. *Lazaroa* 18: 153-164.
- AMIGO VÁZQUEZ, J. (2007): Los herbazales terofíticos higro-nitrófilos en el noroeste de la Península Ibérica (*Bidentetea tripartitae* Tüxen, Lohmeyer & Preising ex von Rochow 1951). *Lazaroa*. 27: 43-58.
- BELLOT RODRÍGUEZ, F. (1965). Sobre *Phragmitetea* en Galicia. *Anales Inst. Bot. Cavanilles* 22: 61-80.
- BELLOT, F. (1951). Adiciones a la flora gallega. *Anales. Inst. Bot. Cavanilles* 10 (1): 383-387.
- BUCH, H. (1951): Uber die Flora und Vegetation Nordwest Spaniens.. *Commentationes Biologicae*. 10(17): 1-98.
- CAMAÑO PORTELA, J.L. ; PINO PÉREZ, J.J.; SILVA-PANDO, F.J. & PINO PÉREZ, R. (2009): Asientos corológicos LOU, 2008. *Bol. BIGA*. 6: 25-36.
- CARDIEL, J.M. [2011]: *Romulea* Maratti. Borrador de Flora iberica.
- CASTROVIEJO, S. 1972. *Flora y cartografía de la vegetación de la Península de Morrazo (Pontevedra)*. Tesis Doctoral (inéd.). Universidad Complutense de Madrid, Madrid.
- DÍAZ LIFANTE, Z. [2011]: *Exaculum*. Borrador de Flora iberica.
- DUPONT, P. & S. DUPONT (1959). Additions a la flore do Nord-Ouest de l'Espagne (II). *Bull. Soc. His. Nat. Toulouse* 91: 313-334.
- FERNÁNDEZ PIEDRA, M.P. & TALAVERA, S. (2010): *Luzula* DC. In: Talavera, S.; Gallego, M.J.; Romero Zarco, C. & Herrero, A. (eds.), *Flora iberica* . 17: 187-224.
- GIMÉNEZ DE AZCÁRATE CORNIDE, J. & AMIGO VÁZQUEZ, J. (1996): *Inventario da flora vascular de afloramentos calios de Galicia*. Caderno da Área de Ciencias Biolóxicas (Inventarios) XII. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Edicións do Castro. Sada (A Coruña).
- GÓMEZ VIGIDE, F. (1984): Algunas aportaciones al conocimiento de la flora gallega. *Anales del Jardín Botánico de Madrid*. 41(2): 367-380. CSIC. Madrid.
- GÓMEZ VIGIDE, F. (1985). Algunas aportaciones al conocimiento de la flora gallega. *Anales Jard. Bot. Madrid* 41 (2): 367-380.
- GÓMEZ VIGIDE, F.; GARCÍA MARTÍNEZ, X.R.; VALDÉS-BERMEJO, E.; SILVA-PANDO, F.J. & RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1989): *Aportaciones a la flora de Galicia III*. Sobre flora y vegetación de Galicia. II Reunión del Grupo Botánico Gallego. 101-121.
- IZCO, J.; GUITIÁN, J.; AMIGO, J. & RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. (1985): Apuntes sobre la flora gallega, 2. *Trabajos Compostelanos de Biología*. 11: 131-140.
- LAÍNZ, M. (1966). Aportaciones al conocimiento de la flora gallega. IV. *Anal. Inst. Forest. Invest.* 10: 299-334.
- LAÍNZ, M. (1968). *Aportaciones al conocimiento de la flora gallega*. VI. Madrid.
- LAÍNZ, M. (1974). Aportaciones al conocimiento de la flora gallega, VIII. *Com. I.N.I.A.* 2: 1-26.
- LANGE, J. (1860, 1861, 1863, 1865). *Pugillus plantarum imprimis hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit*. I. *Vidd. Meddel. Dansk. Naturh. Foren*, I: 1-82. II: 83-166. III: 167-224. IV: 225-339.
- ROMERO ZARCO, C. (2010): *Juncus* L. In: Talavera, S.; Gallego, M.J.; Romero Zarco, C. & Herrero, A. (eds.), *Flora iberica*, 17: 123-187.
- MERINO, B. (1897). *Contribución a la flora de Galicia. La Vegetación espontánea y la temperatura en la Cuenca del Miño*. Tui, Tipografía Regional.
- MERINO, B. (1905, 1906, 1909). *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia, I, II, III*. Santiago de Compostela.
- MERINO, B. (1913). Adiciones a la Flora de Galicia. *Broteria, Ser. Bot.* 11: 105-120.
- MORALES, R. (2010): *Thymus* L. In: Morales, R.; Quintanar, A.; Cabezas, F.; Pujadas, A.J. & Cirujano, S. (eds.), *Flora iberica*. 12: 349-409.
- NAVARRO, T. (1995). Revisión del género *Teucrium* L. sección *Polium* (Mill.) Schreb., (*Lamiaceae*) en la Península Ibérica y Baleares. *Acta Bot. Malacitana* 20: 173-265.
- ORTIZ, S. & J. RODRÍGUEZ-OUBIÑA (1987). Apuntes sobre la flora gallega-V. *Bol. Soc. Brot.*, sér 2 60: 99-105.
- PAU, C. (1924): El herbario Planellas. *Broteria, ser. Botánica*. 21: 43-82.
- PINO PEREZ, R., SILVA-PANDO, F.J., GALAN DE MERA, A., GARCIA MARTINEZ, X.R., PINO PEREZ, J.J., ROZADOS LORENZO, M.J., GONZALEZ PAZOS, S., GOMEZ VIGIDE, F., CAMANO PORTELA, J.L., RIAL POUSA, S., ALVAREZ GRANA, D. & BLANCO DIOS, J.B. (2011). Aportaciones a la Flora de Galicia, X. *Bot. Complut.* 35: 65-87.
- PLANELLAS GIRALT, J. (1852): *Ensayo de una flora fanerogámica gallega ampliada con indicaciones acerca los usos medicos que se describen*. 1-452. Imprenta y Litografía de D. Juan Rey Romero. Santiago de Compostela.
- RICO, E. [2011]: *Erythronium* L. Borrador de Flora iberica.
- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A & F.J. SILVA-PANDO (1983). Aportaciones a la Flora de Galicia, I. *Anales Jard. Bot. Madrid* 40(2): 385-395
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1986) Comentarios a la flora de Galicia, *BAV.*, 16: 13-30.
- ROMERO BUJÁN, M.I. (2008): *Catálogo da flora de Galicia*. 172 pp. Universidade de Santiago de Compostela. Monografías do Ibader 1. Lugo.
- SILVA PANDO, F.J.; RODRÍGUEZ GRACIA, V.; GARCÍA MARTÍNEZ, X.R. & VALDÉS BERMEJO, E. (1987): Aportaciones a la flora de Galicia, II. *Boletín de la Sociedad Broteriana*, Serie 2. 60: 29-68.
- SILVA PANDO, F.J., GÓMEZ VIGIDE, F., GARCÍA MARTÍNEZ, X.R. & BLANCO DIOS, J.B. (2000). Aportacións á flora de Galicia, VI. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)* 10: 21-33.

- SILVA-PANDO, F.J., RUBÉN PINO PÉREZ, XOSÉ RAMÓN GARCÍA MARTÍNEZ, JUAN JOSÉ PINO PÉREZ, FERMÍN GÓMEZ VIGLIDE & JOSÉ LUIS CAMAÑO PORTELA (2011). Aditamentos botánicos de Galicia, I. *Boletín BIGA* 10: 5-12.
- VALDES, B. [2011]: *Anchusa* L. Borrador de Flora iberica.
- VILLAR, L. (2010): *Scutellaria* L. In: Morales, R.; Quintanar, A.; Cabezas, F.; Pujadas, A.J. & Cirujano, S. (eds.), *Flora iberica*, 12: 172-178.
- WILLKOMM, M. & LANGE, J. (1870): *Prodromus Florae Hispanicae II*. Stuttgart.